

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE E A ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES PARA O IMPULSO DE NOVAS MEDIDAS EN DEFENSA DA SEGURIDADE VIARIA

1. Antecedentes

A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias desta unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

A Dirección Xeral de Mobilidade ten competencias en materia de planificación, coordinación e seguimento da política xeral de transportes e execución dos servizos e infraestruturas de transportes na Comunidade Autónoma así como en materia de promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e asesoramento nestas materias.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de “Vías de tránsito e mobilidade mais seguras” e para acadar este obxectivo prevé o desenvolvemento de distintas accións, tales como a consideración do compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio e nos proxectos de estradas, a mellora da seguridade viaria na zona de circulación e nas marxes das estradas, a mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables, estudos sobre mobilidade nos camiños rurais, os itinerarios escolares seguros e manuais de boas practicas, entre outras.

E o obxectivo estratéxico 4 do plan “Usuarios de vías de tránsito máis seguros”, prevé o desenvolvemento das seguintes accións: xornada de educación e formación viaria, campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos, charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar, colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable.

Pola súa banda, Stop Accidentes é unha asociación sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública que ten entre os seus fins o de promover e efectuar cantas actividades sexan precisas



para a sensibilización, concienciación, investigación, estudo e prevención de accidentes de tráfico, así como difundir tales propósitos mediante actividades de información e formación a tódolos colectivos sociais. Stop Accidentes desenvolve os seus proxectos a nivel nacional, responden os seus obxectivos aos obxectivos da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, adoptada polos Estados Membros das Nacións Unidas no 2015, que inclúe metas de seguridade vial en dous dos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible:

- O.D.S. 3 « Garantizar unha vida sana e promover o benestar para todos e todas en todas as idades»

. -Meta 3.6: Para 2020, reducir á metade o número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico no mundo.

.- O.D.S. 11 « Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostibles».

Meta 11.2: Para 2030, proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, asequibles, acesibles e sostibles para todos e todas e mellorar a seguridade vial, en particular mediante a ampliación do transporte público, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación vulnerable, as mulleres, os/as nenos/as, as persoas con discapacidade e as persoas de idade.

A oportunidade do convenio reside no traballo continuo que ven desenvolvendo esta Asociación en xeral en seguridade viaria, pero en particular no estudo e formulación de propostas que permitan xerar contornas seguras en centros escolares. baixo a denominación de A.N.C.A.S. Asociación de Nenos/as Camiñantes por un Ambiente Sostible e Seguro. Trátase dun proxecto educativo que incorpora a práctica de hábitos saudables e valores de convivencia a través de pautas de seguridade viaria para conseguir un entorno urbano máis saudable, seguro e medio ambiental, que leva varios anos de traxectoria e que tan só no ano 2018 implicou a 10.279 alumnos de centros escolares. Exemplo desta liña de actuación son os traballos realizados en Galicia de Camiño Escolar Seguro no concello de A Coruña e no concello de Cambre. Esta experiencia de traballo en núcleos urbanos é polo tanto relevante, pero ademais promoveu unha liña de traballo que trasládase estas experiencias ao rural, cuestión na que é pioneira pero xa conta cunha experiencia relevante. Cómpre evidenciar a importancia neste ámbito rural galego das competencias da Consellería de Infra-



estruturas e Mobilidade tanto dende o punto de vista da xestión da rede viaria de titularidade autonómica como da xestión do transporte inteurbano e do transporte escolar.

Así, STOP Accidentes en Galicia presentou a convocatoria da Carreira Ponle Freno de Pontevedra 2018, que conta co apoio da Fundación AXA como patrocinador principal, e con CGA como patrocinador oficial e organizado por ATRESMEDIA, e resultou elixido o proxecto presentado para desenvolver un proxecto piloto sobre “Entorno escolar seguro e inclusivo no rural da provincia de Pontevedra”. No desenvolvemento deste estudo piloto analizou a contorna do centro escolar, localizado nun entorno rural do municipio de Pontevedra, o que lle permitiu obter un diagnóstico dos viais e do entorno do centro escolar, para realizar unha proposta de mellora da seguridade vial impulsando unha mobilidade máis segura para lograr eliminar barreiras arquitectónicas para a comunidade escolar e toda a poboación en xeral. Ao mesmo tempo, no ámbito deste proxecto, tamen desenvolveu obradoiros de sensibilización co alumnado do centro escolar para impulsar a cultura da seguridade.

Así mesmo, Stop Accidentes redatou en 2018 un Informe sobre camiños escolares nun entorno rural en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas que estuda e pon en relevo a problemática existente nos entornos e desprazamentos escolares no rural. Elixíuse para desenvolver a actividade o CPI José García García de Mende (Ourense), con 263 alumnos, 206 deles usuarios do transporte escolar. No marco do traballo reaizouse unha diagnose do contorno escolar e do seu viario, con referencia aos lugares de procedencia do alumnado e do persoal que traballa no centro escolar, e así poder definir os percorridos dos alumnos/as dende a súa casa ata a parada do autobús escolar, os traxectos realizados, as paradas de autobús, o camiño que fan os alumnos ou o persoal do centro que van andando, etc. Establecéronse as liñas xerais para conseguir un desprazamento máis seguro e con infraestruturas que protexan aos peóns e aos ciclistas. Ademais, déronse charlas a todos os alumnos do colexio, por clases, para sensibilizalos acerca da seguridade viaria. E, ao finalizar o traballo, realizouse unha memoria cunha serie de conclusións ao respecto da necesidade de:

- A realización de talleres de mobilidade sostible e segura por parte de DGT.
- Mellora do comportamento dos usuarios do transporte escolar: uso de prendas reflectantes, execución de sendas, comportamentos ao subir e baixar do autobús e regular o estacionamento de coches de pais que levan os fillos ao colexio.





- Mellora do comportamento dos usuarios do transporte escolar: uso de prendas reflectantes, execución de sendas, comportamentos ao subir e baixar do autobús e regular o estacionamento de coches de pais que levan os fillos ao colexio, .
- No autobús escolar, esixir a dispoñibilidade de cinto de seguridade, dar formación a condutores e acompañantes.
- Para coches particulares, promover o uso compartido, ordenar aparcamento, mellorar horarios de transporte escolar para evitar vehículos particulares.
- E, dado o forte peso do transporte escolar e a dispersión da residencia do alumnado, se incidiu especialmente nas paradas de autobús, propoñendo actuar nelas para reducir riscos, mellorando a seguridade viaria das paradas e a súa contorna, e mellorando a súa integración na estrada, implantando medidas de calmado de tráfico e de seguridade viaria e facilitando o cruce da estrada de modo seguro.

Stop accidentes tamén conta cunha liña de traballo focalizada sobre o grupo das persoas maiores da sociedade, xa que o seu peso tanto demográfico como nas estatísticas de sinistralidade cada vez é maior. Na rede autonómica de estradas o grupo de idade con máis falecidos no ano 2018 foi o das persoas maiores de 70 anos: 11 falecidos sobre un total de 45. Tamén é o grupo de idade con máis feridos graves, pero sen embargo está moi por debaixo de outras idades en feridos leves. Isto da idea da súa especial vulnerabilidade, xa que para un mesmo accidente as consecuencias agrávanse moito no caso dunha persoa maior. As actividades de Stop Accidentes con colectivos especialmente vulnerables como as persoas maiores reuniron a 9.114 participantes no ano 2018.

2. Razóns de necesidade e oportunidade

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a AXI, en colaboración coa Asociación Stop Accidentes pretenden incidir, a través dun conxunto de medidas, no deseño de viais máis seguros para os peóns como colectivos máis desprotexidos e na concienciación dos perigos aos que están expostos así como na adquisición de hábitos correctos.

Con esta finalidade o convenio de colaboración recolle catro actuacións:

1º) Diagnóstico e seguimento na redacción do proxecto e na execución das obras para a mellora das infraestruturas no CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra.



En relación con esta actuación, a AXI ten contratada a redacción do proxecto “Itinerario peonil e ciclista na PO-223. Treito: A Piolla-O Couso-O Sobral. P. Q.1+600-5+700”, de clave PO/16/262.06, en cuxo ámbito se atopa este centro escolar. Polo que esta obra é unha oportunidade para poder atender aquelas cuestións identificadas por Stop Accidentes e pola comunidade escolar a través proxecto piloto sobre a “Contorna escolar segura e inclusiva non rural da provincia de Pontevedra”, a través do cal se analizou o entorno do CEIP Santo André de Xeve e cuxo obxectivo é propoñer melloras no entorno próximo, así como a accesibilidade da entrada e saída do centro escolar con infraestruturas que protexan ao peón e/ou ciclista e faciliten o desprazamento das persoas con mobilidade reducida. Ao mesmo tempo, a colaboración con esta asociación permitirá que haxa un intercambio de información fluído entre os técnicos da administración e a comunidade escolar.

Ademais, a colaboración con Stop Accidentes nesta actuación enriquecerá o proxecto e a obra que vai a executar a AXI e servirá de aprendizaxe para que esta organización e os seus asociados participen do complexo proceso que supón a redacción dun proxecto e execución das obras, incluíndo un proceso intermedio de información pública.

2º) Estudio dun entorno seguro para dous equipamentos da terceira idade, centro de día e residencia de maiores, no ámbito rural.

Con esta actuación pretendese acadar o obxectivo do Plan de Seguridade Viaria de mellora da seguridade viaria dende o factor da infraestrutura, para mellorar a seguridade a través de medidas de seguridade activa e pasiva, prestando especial atención a zonas con presenza de usuarios vulnerables e travesías entre outros, e mellorar a seguridade viaria en vías convencionais, onde se rexistra a gran maioría das vítimas mortais. Así mesmo, pretendese establecer un conxunto de medidas deseñadas para a mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables tales como peóns, motociclistas, ciclistas ou persoas con mobilidade reducida.

A colaboración con Stop Accidentes no desenvolvemento desta actuación permitirá aproveitar os coñecementos derivados dos estudos e informes que ven desenvolvendo Stop Accidentes nos últimos anos materia de contornas escolares seguras en zonas rurais, ámbito no que son pioneiros. Neste sentido pódese citar o Proxecto piloto do CEIP Santo André de Xeve, que é o xerme da primeira actuación do convenio, ou o do C.P.I. José García García Mende, Ourense, que



desenvolveu en colaboración coa AXI. Tamén dará continuidade ao traballo de Stop Accidentes con colectivos de maiores en anos anteriores, dándolle un enfoque práctico para aplicar o seu punto de vista ás propostas de mellora da seguridade viaria,

Polo que esta colaboración permitirá aproveitar a capacidade e experiencia de Stop Accidentes en dous sentidos: o de desenvolver un estudo innovador, sen precedentes, como é neste caso traballar na contorna dun equipamento de servizo para persoas maiores así como o de estudar outros focos de mobilidade, neste caso os centros escolares en contornas rurais.

3º) Redacción dun manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar (acompañantes, nenos e pais).

O obxectivo estratéxico 2 do Plan de Seguridade Viaria prevé entre as súas actuacións a elaboración de manuais de boas prácticas, para fomentar o coñecemento de experiencias vinculadas á seguridade viaria, así como os seus resultados. Polo que se considera adecuado aproveitar o coñecemento e experiencia de Stop Accidentes en materia de seguridade vial en contornas escolares para a elaboración deste manual.

4º) Impartición de talleres en colexios e centros de persoas maiores sobre o manual de seguridade viaria.

Esta actuación responde ao obxectivo estratéxico 4 do Plan de Seguridade Viaria e pretende instrumentar campañas de sensibilización mediante xornadas de formación, fomentando comportamentos responsables entre os menores, os seus pais e colectivos relacionados (docentes, maiores, etc.), no uso das infraestruturas viarias como peóns, pero tamén no rol de condutores de vehículos, motocicletas e bicicletas. Polo que ao igual que no caso da actuación anterior, pretendese a aproveitar a experiencia de Stop Accidentes para a difusión e divulgación do manual, xa que o desenvolvemento de campañas de concienciación e sensibilización constitúe unha das principais actividades da asociación, co fin visibilizar e cambiar os malos hábitos cotidianos na mobilidade da sociedade.

3.- Impacto económico



O orzamento necesario para a execución das diferentes actividades recollidas no convenio de colaboración estímase en NOVENTA E CINCO MIL EUROS (95.000,00 €) con IVE incluído.

A Axencia Galega de Infraestruturas achegará con cargo a partida orzamentaria 08.A1.512B.640.1 e código de proxecto 2013 00003 un total de 55.000 € distribuídos do seguinte xeito:

Anualidade	Actuación nº1	Actuación n.º 2	Total
2020	10.000,00 €	15.000,00 €	25.000,00 €
2021	15.000,00 €	15.000,00 €	30.000,00 €

4.- Carácter non contractual

O citado convenio é un acordo baseado nos intereses das partes que xera efectos xurídicos e que non ten ánimo de lucro nin contido contractual.

5.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro e os principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

